

## PRESENTACIÓN MATERIA

<b>MATERIA</b>	<b>CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE</b>	<b>CURSO</b>	<b>2º BACHARELATO</b>
<b>CURSO ACADÉMICO</b>	<b>2020/2021</b>	<b>PROFESOR</b>	<b>PABLO FERNÁNDEZ ZAPATA</b>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB1.1.1. Contrasta a interdependencia dos elementos dun sistema establecendo as súas relacións.</li> <li>CTMAB1.1.2. Elabora modelos de sistemas nos que representa as relacións causais, interpretando as consecuencias da variación dos distintos factores.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. O medio natural como sistema. Aplicación da teoría de sistemas ao sistema natural.</li> <li>B1.3. Humanidade e medio ambiente. Historia das relacións da humanidade coa natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB1.2.1. Analiza, a partir de modelos sinxelos, os cambios ambientais que tiveron lugar como consecuencia da aparición da vida e da acción humana ao longo da historia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Recursos naturais, riscos e impactos ambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB1.3.1. Identifica e clasifica recursos, riscos e impactos ambientais asociados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Fontes de información ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB1.4.1. Coñece e enumera os principais métodos de información ambiental.</li> <li>CTMAB1.4.2. Extrae conclusións sobre cuestións ambientais a partir de distintas fontes de información.</li> </ul>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. A radiación solar como recurso enerxético.</li> <li>B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB2.1.1. Valora a radiación solar como recurso enerxético.</li> <li>CTMAB2.1.2. Relaciona a radiación solar coa dinámica das capas fluídas e o clima.</li> <li>CTMAB2.1.3. Explica a relación entre radiación solar e xeodinámica externa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB2.2.1. Explica a dinámica da atmosfera e as súas consecuencias no clima.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Compoñentes da atmosfera, orixe e importancia biolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB2.3.1. Identifica os compoñentes da atmosfera en relación coa súa procedencia, a súa distribución e a súa dinámica.</li> <li>CTMAB2.3.2. Relaciona os compoñentes da atmosfera coa súa importancia biolóxica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Capa de ozono: orixe e importancia.</li> <li>B2.5. Diminución da capa de ozono: efectos e medidas preventivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB2.4.1. Determina a importancia da capa de ozono e valora os efectos da súa diminución.</li> <li>CTMAB2.4.2. Sinala medidas que preveñen a diminución da capa de ozono.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Efecto invernadoiro: relación coa vida na Terra. Causas e consecuencias do aumento do efecto invernadoiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB2.5.1. Valora o efecto invernadoiro e a súa relación coa vida na Terra.</li> <li>▪ CTMAB2.5.2. Comprende e explica que factores provocan o aumento do efecto invernadoiro e as súas consecuencias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. A hidrosfera e o seu papel como regulador climático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB2.6.1. Razona o funcionamento da hidrosfera como regulador climático.</li> <li>▪ CTMAB2.6.2. Determina a influencia da circulación oceánica no clima.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Relación das correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima e con algúns fenómenos climáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB2.7.1. Explica a relación entre as correntes oceánicas e fenómenos como "El Niño" e os furacáns, entre outros.</li> <li>▪ CTMAB2.7.2. Asocia as correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Formación das precipitacións. Tipos de precipitacións.</li> <li>▪ B2.10. Interpretación de mapas meteorolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB2.8.1. Relaciona a circulación de masas de aire cos tipos de precipitacións.</li> <li>▪ CTMAB2.8.2. Interpreta mapas meteorolóxicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Os riscos climáticos, causas e consecuencias. Medidas de predición, prevención e corrección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB2.9.1. Relaciona os riscos climáticos cos factores que os orixinan e coas súas consecuencias.</li> <li>▪ CTMAB2.9.2. Propón medidas para evitar ou diminuír os efectos dos riscos climáticos.</li> </ul>

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB3.1.1. Identifica os efectos biolóxicos da contaminación atmosférica.</li> <li>▪ CTMAB3.1.2. Asocia os contaminantes coa súa orixe e reconece as súas consecuencias sociais, ambientais e sanitarias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Medidas preventivas e correctoras da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB3.2.1. Describe medidas que preveñen ou atenúan a contaminación atmosférica e o efecto invernadoiro.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica.</li> <li>▪ B3.3. Factores que inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB3.3.1. Relaciona o grao de contaminación con certas condicións meteorolóxicas e/ou topográficas.</li> <li>▪ CTMAB3.3.2. Explica os efectos biolóxicos producidos pola contaminación atmosférica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Efectos da contaminación atmosférica segundo o seu raio de influencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB3.4.1. Describe os efectos locais, rexionais e globais ocasionados pola contaminación do aire.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Ozono troposférico e ozono estratosférico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB3.5.1. Distingue a orixe e os efectos do ozono troposférico e do estratosférico.</li> </ul>

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
-----------------------	---------------------------

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Ciclo hidrolóxico.</li> <li>▪ B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB4.1.1. Coñece e describe a orixe e os efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.</li> <li>▪ CTMAB4.1.2. Relaciona os principais contaminantes da auga coa súa orixe e cos seus efectos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Parámetros de medida da calidade da auga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB4.2.1. Coñece e describe os principais indicadores de calidade da auga.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.</li> <li>▪ B4.4. Prevención e corrección da contaminación da auga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB4.3.1. Describe o proceso de eutrofización das augas e valora as súas consecuencias.</li> <li>▪ CTMAB4.3.2. Propón actitudes e accións individuais, estatais e intergubernamentais, que reduzan as repercusións ambientais da contaminación da auga.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Sistemas de tratamento e depuración das augas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB4.4.1. Esquematiza as fases de potabilización e depuración da auga nunha EDAR.</li> </ul>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Xeosfera: soporte dos restantes subsistemas terrestres.</li> <li>▪ B5.2. Riscos xeolóxicos e a súa relación cos fluxos de enerxía terrestres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.1.1. Identifica as manifestacións da enerxía interna da Terra e a súa relación cos riscos xeolóxicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Orixe dos riscos xeolóxicos internos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.2.1. Explica a orixe e os factores que determinan os riscos sísmico e volcánico.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.</li> <li>▪ B5.5. Danos orixinados polos riscos xeolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.3.1. Coñece os métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.</li> <li>▪ CTMAB5.3.2. Relaciona os riscos xeolóxicos cos danos que producen.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. O relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.4.1. Interpreta o relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.5.1. Identifica os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais, e comprende os factores que interveñen.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos.</li> <li>▪ B5.9. Impactos máis frecuentes na paisaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.6.1. Valora a ordenación do territorio como método de prevención de riscos.</li> <li>▪ CTMAB5.6.2. Avalía a fragilidade da paisaxe e os impactos máis frecuentes que sofre.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. Recursos da xeosfera: problemas ambientais ocasionados pola súa explotación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.7.1. Relaciona a utilización dos principais recursos minerais e enerxéticos cos problemas ambientais ocasionados e cos riscos asociados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.11. Impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.8.1. Coñece os principais impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera no seu contorno máis próximo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.12. Uso eficiente da enerxía e dos recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB5.9.1. Valora o uso eficiente da enerxía e dos recursos.</li> <li>▪ CTMAB5.9.2. Avalía as medidas que promoven un uso eficiente da enerxía e dos recursos.</li> </ul>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 6

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Circulación de materia e enerxía na biosfera.</li> <li>▪ B6.2. Relacións tróficas nos ecosistemas, cadeas e redes tróficas. Representacións gráficas.</li> <li>▪ B6.3. Factores limitantes da produción primaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.1.1. Identifica os factores limitantes da produción primaria e aqueles que aumentan a súa rendibilidade.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.1.2. Esquematiza as relacións tróficas dun ecosistema.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.1.3. Interpreta gráficos, pirámides, cadeas e redes tróficas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.1.4. Explica as causas da diferenza de produtividade en mares e continentes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Ciclos bioxeoquímicos do osíxeno, o carbono, o nitróxeno, o fósforo e o xofre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.2.1. Esquematiza os ciclos bioxeoquímicos e argumenta a importancia do seu equilibrio.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Os ecosistemas no tempo: sucesión, autorregulación e regresión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.3.1. Identifica os cambios que se producen nas sucesións ecolóxicas e interpreta a variación dos parámetros tróficos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Autorregulación dos ecosistemas e repercusión da acción humana sobre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.4.1. Coñece os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.4.2. Argumenta e relaciona as actividades humanas coas repercusións na dinámica dos ecosistemas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Concepto de biodiversidade.</li> <li>▪ B6.8. Causas e repercusións da perda da biodiversidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.5.1. Argumenta a importancia da biodiversidade e os riscos que supón a súa diminución.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.5.2. Relaciona as accións humanas coa súa influencia na biodiversidade do ecosistema.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.9. O solo como interfase.</li> <li>▪ B6.10. Edafoxénese e tipos de solos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.6.1. Clasifica os tipos de solo en relación coa litoloxía e o clima que os orixina.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.7.1. Valora o solo como recurso fráxil e escaso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.11. Usos e fragilidade do solo como recurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.8.1. Identifica o grao de alteración dun solo aplicando distintas técnicas de valoración.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.12. Impactos sobre o solo. Técnicas de valoración do grao de alteración dun solo.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.13. Impactos sobre a biosfera producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.9.1. Analiza os problemas ambientais producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.14. O sistema litoral como interfase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.10.1. Coñece as características dos sistema litoral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.15. Importancia ecolóxica dos recursos do sistema litoral, impactos derivados da súa sobreexplotación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.11.1. Valora o sistema litoral como fonte de recursos e biodiversidade.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.11.2. Relaciona a sobreexplotación dos recursos pesqueiros con impactos nas zonas litorais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.16. Importancia da conservación das zonas litorais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CTMAB6.12.1. Establece a importancia da conservación das zonas litorais.</li> </ul>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 7

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.1. Xestión dos impactos ambientais; alternativas ante a problemática ambiental: desenvolvemento incontrolado, conservacionismo e desenvolvemento sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.1.1. Distingue modelos de uso dos recursos e deseña outros sustentables.</li> <li>CTMAB7.1.2. Argumenta as diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.2. Avaliación do impacto ambiental.</li> <li>B7.3. Instrumentos de xestión ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.2.1. Analiza a información facilitada por algúns instrumentos de avaliación ambiental, e conclúe impactos e medidas correctoras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.4. Relación entre desenvolvemento, calidade de vida e problemas ambientais no ámbito internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.3.1. Analiza o desenvolvemento dos países en relación con problemas ambientais e coa calidade de vida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.5. Modelos de xestión de recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.4.1. Relaciona o consumo dalgúns produtos e a deterioración do medio.</li> <li>CTMAB7.4.2. Expón políticas ambientais adecuadas á defensa do medio.</li> <li>CTMAB7.4.3. Argumenta a orixe dos residuos valorando a súa xestión.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.2. Avaliación do impacto ambiental.</li> <li>B7.3. Instrumentos de xestión ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.5.1. Comprende e explica a importancia do uso de novas tecnoloxías nos estudos ambientais.</li> <li>CTMAB7.5.2. Analiza a información de matrices sinxelas, valorando o uso do territorio.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.6. Influencia dos organismos nacionais e internacionais en materia ambiental.</li> <li>B7.7. Lexislación ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.6.1. Coñece e explica os principais organismos nacionais e internacionais, e a súa influencia en materia ambiental.</li> <li>CTMAB7.6.2. Coñece a lexislación española e galega sobre algúns impactos ambientais e as normas de prevención aplicables.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.8. Protección dos espazos naturais.</li> <li>B7.9. Espazos naturais en España e, en particular, en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CTMAB7.7.1. Argumenta a necesidade de protección dos espazos naturais e as súas consecuencias; en particular, os do seu contorno máis próximo.</li> </ul>

## CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Faranse un ou dous exames por avaliación:

Primeira avaliación: unidades 1 á 3

Segunda avaliación: unidades 4 á 7

Terceira avaliación: unidades 8 á 10

Os criterios de cualificacións son os seguintes:

Exame: **80%**. Teranse en conta os coñecementos e a aplicación dos mesmos en diferentes casos reais ou simulados.

Traballo na clase e na casa: **20%**. Valoraranse as actividades de exercicios e problemas resoltos polo alumno tanto oral como por escrito. Terase en conta os seus coñecementos, emprego de vocabulario científico, progresión, etc.

A nota mínima dos exames para facer media coas outras partes da materia é de 3 sobre 10 (30%). Nas avaliación no se redondeará a nota.

Nos exames e traballos por escrito poderá descontarse 0'05 por falta de ortografía e 2 puntos por mala presentación (0'5 puntos por mala letra ou ilexible, 0'5 puntos por desorde, 0'5 puntos por tachóns, e 0'5 puntos por mala expresión).

### Procedemento avaliación final

Consistirá nunha recuperación por avaliación (despois de Nadal e Semana Santa) e unha final en xuño só para os alumnos que non superaran unha das avaliacións, ademais da extraordinaria de setembro. A recuperación, excepto en setembro (ver mais adiante), terá unha ponderación igual que na avaliación e sumarase cada unha das notas das outras partes que obtivo na avaliación. (exemplo: a recuperación do exame valerá un 90% e se lle suma a nota obtida no traballo en casa e no da clase).

A nota final de Xuño ven dada pola media das tres avaliacións, tendo en conta os decimais de cada avaliación e redondeando se fora necesario. No caso de ter que redondear a nota será como sigue: 0.7 ou máis ponse a nota inmediata superior enteira e menos de 0.7 mantense a nota.

Poderase baixar a nota por mala actitude ante a materia ata 3 puntos/avaliación.

### Procedemento de avaliación extraordinaria

O exame extraordinario constará de dez preguntas relacionadas con calquera aspecto da materia (teoría e/ou práctica) valoradas cada unha cun punto.

A nota de setembro será de insuficiente (menos dun cinco) ou *suficiente*, obtendo nesta última un 5, independentemente da nota obtida.

*Se se detectase que algún alumno/a emprega métodos fraudulentos (copiar, cambiazo, chuletas, teléfono móbil, ...) na realización dunha proba, recibirá a cualificación de 0. Terá a posibilidade de superar a avaliación na proba de recuperación da avaliación correspondente*

## METODOLOXÍA

- Presencial  
Exposto no resto da programación
- Semipresencial  
Seguirase a modalidade presencial para aquel grupo que asista a clase mentres que o grupo que permaneza na casa non participará de xeito simultáneo senón que terá a tarefa do día colgada na aula virtual para facer de xeito diferido. Cando os grupos cambien, poderanse solventar dúbidas e comentar os traballos co grupo que antes estaba na casa e viceversa

- Non presencial  
No caso de modalidade non presencial usaranse as seguintes ferramentas para facer o seguemento do alumnado:
  - Correo electrónico.
  - Aplicación de videoconferencia, por defecto usarase CiscoWebEx, pero chegado o caso, poderá modificarse.
  - Outros medios telemáticos

Dependendo da dispoñibilidade en liña do alumnado, da súas posibilidades de conexión a internet e tamén da das do profesor adaptarse o horario de aulas online.

Das tres horas semanais, adicarase como mínimo unha a atención por videoconferencia para facer o seguemento do alumnado, non necesariamente no horario establecido polo centro, sempre que o alumnado se poña de acordo co profesor para acordar unha hora. O resto do traballo farase de forma telemática pero non necesariamente por videoconferencia simultánea, senón que se usarán as posibilidades das distintas ferramentas online para propoñer traballo de xeito asíncrono e axeitado ás posibilidades da situación concreta na que nos atopemos en cada momento.

En canto as actividades, non se aceptarán fóra do prazo indicado ou por outros medios que non sexan os precisados polo profesorado. Todas as probas e traballos esixidos serán de carácter obrigatorio. A constatación de que algún alumno/a presenta actividades das que non é autor/a implicará automaticamente unha valoración de 0 en ditas actividades. Do mesmo modo, cando o profesorado considere que as probas ou as actividades que se fagan de xeito non presencial precisen dunha verificación de autoría, poderáselle requirir a realización dunha defensa oral que demostre a asimilación dos contidos por parte do alumnado que se atopará só nun espazo da súa casa.

---

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.